

do 6 ao 12  
de maio

REDONDELA



*Xornadas Gastronómicas,*

**CHOCO**

*Redondela 2024*



**turismo**  
CONCELLO DE REDONDELA



**RB** ASOCIACIÓN  
HOSTELEROS  
RÍAS BAIXAS



**CHOCO**  
DE REDONDELA

do 6 ao 12  
de maio de 2024



# BASES DA FESTA DO CHOCO PARA OS ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS DE REDONDELA 2024

## OBXECTIVO

O Concello de Redondela, dende as concellerías de Eventos e Promoción Económica, así coma as entidades colaboradoras, organiza as Xornadas Gastronómicas “Choco de Redondela” como actividade complementaria dentro da Celebración da XXXVII Edición da Festa do Choco 2024.

A intención destas bases é establecer os criterios que regularán a participación dos distintos establecemetos de hostalería do Concello de Redondela que desexen participar na celebración destas Xornadas.

Con este evento quérese promocionar a gastronomía local, así como os establecementos hostaleiros da localidade, que ofrecerán aos seus comensais pratos e menús que transmiten a cultura gastronómica a través dos cinco sentidos, baseada nun ingrediente por excelencia como é o Choco de Redondela.

## DATAS DE CELEBRACIÓN

As xornadas celebraranse dende o día 6 ata o 12 de maio de 2024.

## PARTICIPANTES

Poderán participar aqueles establecementos de hostelería do Concello de Redondela, legalmente establecidos, que cumpran coas condicións de participación e acepten as bases do evento, previa inscrición no prazo e forma definidos nestas bases.

## CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

- Os establecementos hostaleiros participantes incluírán na súa carta, como mínimo, un **menú, prato ou proposta gastronómica** na que o produto principal sexa o Choco de Redondela.
- O menú será de libre elección por parte de cada restaurador/a. Cada participante poderá participar co número de propostas que desexe en formato salgado ou doce.
- O prezo do menú será libre.
- Durante a celebración das xornadas, os establecementos participantes comprométese a ofrecer o menú durante os días establecidos.
- Durante o evento, non se poderá modificar o menú nin o prezo.
- O establecemento facilitará ao Concello de Redondela, dentro do prazo establecido, a solicitude de inscrición debidamente cumprimentada. Na solicitude incluírase a descrición do menú proposto.

- O establecemento comprométese a dar visibilidade ao menú que ofrece durante as xornadas gastronómicas, xunto aos materiais promocionais que proporcionará o Concello de Redondela.
- No caso de que o establecemento dispoña de opción de servizo a domicilio, deberá ofertar o menú para levar durante o tempo que dure a promoción.
- Os establecementos comprométese a promocionar as xornadas gastronómicas nos seus medios de difusión propios.
- As reservas estarán xestionadas unicamente polo establecemento.

## INSCRICIÓN E PRAZO

O **prazo de inscrición** será dende a publicación destas bases até o **7 de abril de 2024**.

Os establecementos cubrirán unha **instancia xeral**, no caso de cumprir con todas as formalidades dentro do prazo establecido, o Concello de Redondela **confirmará a inscrición nas xornadas**.

As bases publicaranse na web do Concello de Redondela. A participación nestas xornadas implica a aceptación destas bases.

Coa instancia xeral solicitando a súa participación os e as interesadas **deberán presentar a proposta de menú, prato ou calquera outro tipo de elaboración, indicando ademais o prezo de cada un das opcións propostas**.

Para máis información pode contactar co Concello de Redondela no teléfono 986 400 300 ou no email [cultura@redondela.gal](mailto:cultura@redondela.gal).

## DIFUSIÓN

O Concello de Redondela divulgará a celebración do evento a través dos medios de comunicación e realizará unha campaña promocional de prensa escrita e radio, apoiada tamén nas redes sociais.

Organizarase unha rolda de prensa para a presentación da **XXXVII Edición da Festa do Choco**, na que se presentará o contido do programa desta edición e os establecementos participantes, localización e o menú que ofrecen na súa carta durante as xornadas gastronómicas.

Ademáis, editaranse carteis e folletos promocionais nos que aparecerán os nomes dos establecementos, os menús e prezos, que se promocionarán amplamente na web do concello, nos establecementos participantes, nos medios de comunicación e nas redes sociais.

## RESERVA DE DEREITOS

A organización resérvase o dereito de non aceptar aquelas propostas que considere non se axustan ás condicións descritas.

No caso de forza maior, as datas de realización poden ser modificadas ou a súa celebración anulada.